

A voz de Lérez

EDICIÓN II



SAN BENITO CONTINÚA COA SÚA REVISTA

O alumnado de San Benito de Lérez quixo continuar co proxecto "A voz do Lérez", unha revista na que relatan algunhas das moitas actividades que foron realizando ao longo do curso. Entre elas están o entroido, a visita ao museo do alumnado de E.I., a horta escolar, a

visita do Pontevedra CF, o día de Rosalía...

Tamén quedan moitas xornadas especiais sen reflectir, como o Día da Paz, o Samaín, os Maíos,, as Letras Galegas, o Club de Ciencia, a milla diaria ou a semana do pobo xitano. Agardamos que disfrutedes lendo as nosas aventuras!



O ENTROIDO

Chegou o Entroido a San Benito e con el os mandamentos do Meco, este ano traballamos "O CAMIÑO", por iso os nenos/as de 4º Infantil semellaban auténticos peregrinos.



Este ano decidimos crear as nosas propias máscaras de Entroido.

Na biblioteca do centro tivo lugar unha charla/exposición onde falamos sobre as figuras do Entroido galego e viron dous traxes orixinais do noso Entroido: O cigarrón de Verín e a Pantalla de Xinzo de Limia.



As familias prepararon orellas, filloas etc., doces que endulzaron a festa.



Os nenos e nenas de 4º de Infantil remataron a troula no ximnasio cun baile de Entroido.



TREA, A MIÑA AMIGA DÁ PREHISTORIA

TREA é unha boneca que viaxou no tempo para contarnos como era a vida cotiá fai miles de anos. Da súa man, coñecemos máis en detalle a vida dos homes e as mulleres da prehistoria.



Alumnado de 5º Infantil con TREA no Museo de Pontevedra

TREA E A PREHISTORIA

Preparámonos para ir ao Museo e coñecer a TREA. Imos ver como vivían na prehistoria. Antes de ir ao museo buscamos información en contos, láminas temáticas, vídeos... Para saber: Onde vivían? Que comían? Como cociñaban? Como vestían? Sabían ler e escribir? E debuxar?


Agora xa estamos list@s para ir ao Museo e gozar da visita.



Alumnado de 5º Infantil buscando información sobre a prehistoria

Visitamos o museo con TREA

Na visita dinamizada conducida por Trea, cóntanos cousas moi interesantes. Utilizando réplicas arqueolóxicas e xogando coas lendas populares, coñecemos máis en detalle algúns dos materiais arqueolóxicos significativos que se exhiben no Museo e podemos valorar por que razóns son tan importantes.



Alumnado 5º Infantil percorrendo o Museo

PLANTANDO

O MARTES 7 DE MAIO, NO PATIO DA
NOSA CLASE, FIXEMOS UNHA
ACTIVIDADE MOI CHULA...PLANTAMOS
UNHA PLANTA DE TOMATES CHERRY.



PARA REALIZAR ESTA ACTIVIDADE
EMPREGAMOS:

UNHA MACETA

TERRA

ABONO

UNHA REGADEIRA

AUGA ... E MOITO SOL



AGORA AGARDAMOS A QUE A PLANTA
MEDRE E TEÑAMOS RICOS TOMATES
PARA FACER UNHA DELICIOSA
ENSALADA



ESTRELLAS DO DEPORTE

VISITAN NOS COLE

O noso centro sempre promove o deporte, o exercicio físico e os hábitos de vida saudables con grande entusiasmo.

Por iso no mes de xaneiro deste curso tivemos unha visita que nos fixo moita ilusión a todos os nenos e nenas. Vin máis nin menos que dous dos xogadores que forman parte do CF Pondevedra, Borja Domínguez e Óscar, coñecido como Chiqui. Ambos estiveron con nós nas inmediacións deportivas do cole

Compartiron as súas historias persoais destacando a importancia do traballo duro, a disciplina e a perseveranza na consecución das metas, resaltando que é mellor en equipo. Nós tivemos a oportunidade de facerlle moitas preguntas coma uns xornalistas profesionais e ao rematar pudemos obter autógrafos e fotos con eles. Estamos moi





agradecidos porque compartieron o seu tempo e experiencias con nós e por inspirarnos a conseguir os nosos soños!

HAI
QUE

ROELO!



EXCURSIÓN...

VISITA DO COLE VISTA POLOS ALUMNOS/AS DE
2º DE PRIMARIA

O pasado mércores 15 de maio, o cole
fomou de excursión de fin de curso a visita
"A casa do Patron" preto de Lalín. Por desgraza,
neste día non nos acompañou o bo tempo,
 polo que aínda que o pasamos moi ben,
non podemos disfrutar da natureza e
das actividades que se ían a realizar
nela.

Por a parte desta fixeron talleres e disfrutamos
dos diferentes museos que ali hai.



Mostra do noso taller de cerámica

Os talleres que
fexemos a cala
foron os de cerámica,
nos que participamos
1º e 2º de primaria,
observación e
escaita de pastores,
feita polos cursos
3º e 4º por último,
Cestería os de 5º e 6º.

Na visita aos museos que
ali teñen queríamos abraiados
coa cantidade de obxectos que
había.

A "CASA DO PATRON"



Nunha das salas da exposición.

Ademais visitamos varias salas onde se amosaban diferentes obxectos das labores de campo, para facer roupa, calzado...

Tamén vimos como era unha aula das escolas velhas.



Velaquí unhas novas pezas para o museo.



Sentímonos coma Celtas

Vimos unha vila con varias localidades das zonas que se atopan nas diferentes excursións do Castro que está neste.

Vimos unha réplica de como eran as casas onde vivían os nosos avós e ata entramos nunha casa castrexa.

Rosalía de Castro

Na semana do 19 ao 23 de Fevereiro a nosa Clase de 3º E.P. estivo traballando a figura da nosa poetisa e escritora máis universal, e máis admirada por todo o mundo. Rosalía de Castro.

Xunto cos nosos compañeiros de 4º curso, preparamos o recitado do seu poema "Adiós ríos, adiós fontes" unha experiencia moi bonita. Tivemos a axuda da profe Nerea e puidemos ir á radio a gravarnos.

Foi moi emocionante!!!

Tamén fixemos un traballo moi lindo sobre a súa obra e vida, que está exposto no corredor do 1º andar. Onde cada un de nós debuxou a súa Rosalía.

Nesa semana vier ao coloxio Manuela co cantacantos "Rosalía ten poderes". Foi divertido

unha muller que deixou rastros.....



e xuntos na biblioteca aprendemos cousiñas
moi interesantes, rematamos cantándolles a todos,
foi xenial!! . Rosalía de Castro, unha
muller que deixou rastro!! ☺ ☺



VISITA Á EXPOSICIÓN "PICASSO PROTAGONISTA. VIÑETAS NO CÓMIC ESPAÑOL CONTEMPORÁNEO"

O alumnado de cuarto de Educación Primaria acudiu a unha exposición sobre Pablo Picasso no Café Moderno de Pontevedra o 25 de outubro.

Aprenderon moito xunto aos compañeiros e compañeiras de 3º da escola que tamén asistiron á mostra.

A exposición centrábase na figura do artista e amosaba diferentes reinterpretacións da súa obra por parte de 40 autores e autoras contemporáneos. Nas 170 viñetas e pezas expostas, todas elas en diferentes soportes e formatos, apreciábase a influencia de Picasso.

Moitas delas foron concebidas exclusivamente para a devandita exposición. O alumnado de 3º e 4º

achegouse así ás creacións analizando a fonda pegada deste artista finado hai xa máis de 50 anos.

Despois do percorrido pola exposición, asistiron a uns obradoiros nos que elaboraron retratos tomando como referencia o particular estilo de Picasso. Para confeccionar estas obras tan persoais empregaron material de refugallo e algo tan valioso como a propia imaxinación.



CONCURSO DE REGUEIFAS

Participación nun concurso por parte do alumnado de de 5º de 5º de primaria do CEIP San Benito de Lérez.

Despois de participar nun concurso de regueifas os nenos de quinto están esperando a que os xuíces lles manden a resposta.

Os nenos fixeron un bo traballo coas súas regueifas. Por exemplo:

- No noso cole de Lérez.
- hai uns nenos increíbles
- que aprenden moitas cousas
- que parecen imposibles.



Foi tempo, ao alumnado de quinto de primaria viñéronlles dar unha charla sobre as Regueifas, que tratan sobre coplas improvisadas e con rimas.

Tara riro riro riro

Tara riro riro raro ← RIMA

Tara riro riro riro

Tara riro riro raro ← RIMA



Fixeron varias grupos para elaborar e grabar unhas Regueifas, e así participan nun concurso, co obxectivo de gañar o premio.

Despois de tanto traballar, durante unha semana, os nenos/as de 5º fixeron os seus poemas. Para poder acceder a eles podedes entrar na web: entregueifate.gal

Esperamos que vos gustasen e disfrutades vendo os videos. Aínda que desta volta non houbo sorte volveremos a interalo, ata a próxima.

Visitamos o Parlamento e a Xunta

O alumnado do 3º ciclo de Primaria do Ceip Plurilingüe San Benito de Lérez visitou o Parlamento e a Xunta de Galicia.

A visita tivo lugar o pasado martes 21 de Novembro do 2023. Primeiro foron ó Parlamento de Galicia, onde se encontraron cun guía que lles falou do Parlamento empezando a visita na estancia do Salón dos Reis.

A continuación, estiveron mirando moitas das esculturas que hai expostas nos corredores do parlamento; ademais de cadros feitos todos por antigos pintores galegos. Despois foron á biblioteca onde, o guía lles comentou, que hai máis de 54.000 libros. Por último, foron ó hemiciclo onde viron debatir aos parlamentarios para facer unha lei sobre produtos autóctonos de Galicia. A iniciativa lexislativa trataba de pór nos supermercados a denominación de orixe nos alimentos; para poder consumir con seguridade unha maior variedade de produtos da nosa terra.



Cando saíron do palco de arriba rematou a visita, pero a cousa non quedou aí; porque ó ir escaleiras abaixo para ir fora do Parlamento e dar

por finalizada a primeira parte da visita, atopámonos coa presidenta do Pontevedra C.F. que os agasallou con invitacións para ir ver os partidos do equipo de fútbol da nosa cidade.

Ao rematar a visita o alumnado subiu ó autobús e chegou á Xunta de Galicia.

Cando chegaron xa era tarde, entón tiveron que almorzar velozmente para ir cara a dentro do edificio. Unha guía recibíunos amablemente e explicoulles que ese edificio tivo unha importancia fundamental; xa que (antes de ser o que hoxe coñecemos como a Xunta de Galicia), foi un dos primeiros colexios para xordos de España. Este edificio, durante a guerra civil, foi un hospital e agora é a Xunta de Galicia.



Logo entraron á Xunta de Galicia, ensináronlles dous despachos: o de Secretaría e o do Consello da Xunta, onde se reunen o presidente e as conselleiras e conselleiros de tódolos ámbitos.

Foi unha visita moi didáctica. Nela aprendemos moitas cousas relacionadas coa vida parlamentaria e os nosos dereitos coma cidadáns de Galicia.



*Escanea o código para
ver todas as nosas actividades
e experiencias*

